

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DAS NEVES PARA A MELLORA DO EQUIPAMENTO DO AUDITORIO JOSÉ GIL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello das Neves o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello das Neves para a mellora do equipamento do Auditorio José Gil.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade. Trátase da mellora integral do principal espazo escénico e cultural municipal das Neves, destinado ao uso público e ao servizo da vecinanza. O proxecto permitirá dotar ao auditorio dun equipamento técnico moderno, eficiente e adaptado as necesidades actuais, mellorando tanto a funcionalidade do espazo como a experiencia das persoas usuarias e participantes.

Así mesmo, a intervención contribúe a dinamización cultural e social do municipio, favorece o acceso da cidadanía a cultura en condicións adecuadas de confort e seguridade, impulsa a realización de actividades educativas e asociativas e reforza a conservación dun equipamento público esencial para a vida comunitaria.

Por todo o anterior, o concello das Neves é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo esta actividade con estas especiais características, a única que se vai desenvolver na nosa Comunidade Autónoma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos



recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

